



Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Asociación Gallega de Tratamiento de Vehículos (TRAVEGA) para a utilización de vehículos fora de uso nas prácticas do alumnado de formación profesional da familia de Transporte e mantemento de vehículos

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

DECLARA:

Que esta Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten previsto formalizar coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Asociación Gallega de Tratamiento de Vehículos o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos dende a data da sinatura do convenio.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Asociación Gallega de Tratamiento de Vehículos, (en adiante TRAVEGA), para facilitar unha solución aos centros de formación profesional da Xunta de Galicia para a utilización de vehículos fora de uso en funcionamento para facer prácticas o alumnado que cursa ensinanzas de formación profesional da familia Transporte e mantemento de vehículos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:





- No Real decreto 265/2021, do 13 de abril, sobre os vehículos ao final da súa vida útil e polo que se modifica o Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado polo Real Decreto 2822/1998, do 23 de decembro, que contempla que os vehículos ao final da súa vida útil (VFU) teñen a obriga de entregarse nun centro autorizado para o tratamento dos vehículos ao final da súa vida útil (CAT), entrega que se considera válida para dar a baixa definitiva dos vehículos.
- En que a actividade formativa desenvolvida nos centros formativos, que imparten ensinanzas de formación profesional da familia de Transporte e mantemento de vehículos, necesita da utilización de vehículos sen descontaminar para que o alumnado realice as prácticas previstas no currículo destas ensinanzas para a obtención do título correspondente.
- Na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, que determina no artigo 39 que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar ao alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que poidan producirse ao longo da súa vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática e pacífica, e permitir a súa progresión no sistema educativo, no marco da aprendizaxe ao longo da vida.
- En que a forma máis habitual, sinxela e económica para que os centros de formación podan dispoñer de vehículos para facer as prácticas é que os CAT que en Galicia están asociados en TRAVEGA, proporcionen aos centros formativos os vehículos para a realización das prácticas das ensinanzas de formación profesional da familia Transporte e mantemento de vehículos; pero a normativa ambiental establece que os vehículos unha vez que entren nos CAT son considerados residuos e ademais, para evitar os riscos ambientais que pode producir a acumulación dos vehículos non descontaminados nos CAT, establece a necesidade de proceder á súa descontaminación no prazo de trinta días de conformidade co establecido no art. 6.2 do Real decreto 265/2021, do 13 de abril.
- En que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda tendo en conta que os centros de formación profesional non realizan ningunha actividade de descontaminación nin de tratamento dos vehículos, que só os utiliza para realizar prácticas formativas e que unha vez finalizadas o vehículo é devolto ao CAT para proceder á súa descontaminación, entende que non hai ningún inconveniente na entrega de vehículos aos centros que impartan as





ensinanzas, referidas no parágrafo anterior, sempre que sexa nunhas condicións que eliminen o risco ambiental na utilización destes vehículos na realización das prácticas formativas ao alumnado, que curse estas ensinanzas, e interpreta que nestes casos o prazo de trinta días que, de conformidade co establecido no art. 6.2 do Real decreto 265/2021, do 13 de abril, teñen os CAT para descontaminar o vehículo debe computarse a partir da data de aceptación por estes do vehículo fora de uso unha vez que sexa devolto polo centro de formación.

- En que as partes asinantes están dispostas ao establecemento dunhas pautas de conduta que permitan a utilización de vehículos dos centros autorizados para o tratamento dos vehículos ao final da súa vida útil para a realización das prácticas formativas do alumnado, que curse as ensinanzas de formación profesional da familia Transporte e mantemento de vehículos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

